



TEMA 9: O PASO DO TEMPO

(Precisamos medir o tempo para ordenar os acontecementos históricos)



1. A MEDIDA DO TEMPO

Para estudar os períodos históricos é necesario establecer cronoloxías.

Elementos Para Medir o Tempo

1. RELOXO: Mide o tempo en **HORAS, MINUTOS E SEGUNDOS**

2. CALENDARIO: Mide o tempo en **DÍAS, SEMANAS. MESES E ANOS.**

3. OUTRAS UNIDADES DE MEDIDA.
a. O lustro: 5 anos.
b. A década: 10 anos.
c. O século: 100 anos. É o máis utilizado para medir o pasado histórico*. Escríbese en **números romanos.**
d. O milenio: 1000 anos.
**O nacemento de Jesucristo tamén utilízase como marcador histórico: a. C. (antes de Cristo). d. C. (despois de Cristo). Os pobos musulmáns utilizan outros tipos de acontecementos para a medición.*

2. COÑECER O PASADO

Coñecemos o pasado a través da **HISTORIA** (Ciencia que estuda o conxunto dos acontecementos ocorridos no pasado e das persoas que viviron nel).

1.-As Fontes da Historia
 Son restos atopados que serven aos historiadores para investigar e reconstruír o pasado.

3. FONTES NON ESCRITAS

Consérvanse en **arquivos e museos**

2. FONTES ESCRITAS

1. OUTROS ELEMENTOS

- Orais:** Informacións faladas ou cantadas.
- Gráficas:** Imaxes do pasado: xeroglíficos, pinturas, fotografías.
- Materiais:** Obxectos conservados do pasado: edificios, xoias, moedas, cerámicas, utensilios (bifaces, agullas...)

É o conxunto de **textos conservados** do pasado: libros, cartas, xornais, acordos entre países ou tratados.

- Os Monumentos:** Construcións (edificios, castelos, pontes, esculturas...)
- As Festas:** Celebracións que conservan tradicións ao longo do tempo.
- O Folclore:** Expresión culturais dun lugar (artesanía, gastronomía, música, vestimentas...)
- A Lingua:** É outro elemento cultural da identidade dun pobo. En Galicia, o galego, fálase hai máis de 1000 anos.

2.-As Etapas da Historia

Para poder entender mellor a historia, a dividimos en etapas.

2.1.-PREHISTORIA

Comeza coa aparición dos seres humanos. É o período máis antigo e extenso do noso pasado.

Vivían en covas ou cabanas.

Desprazamentos a pé. Eran poboacións nómades.



Alimentábanse recolectando plantas pescando e cazando.

Fabricaron bifaces, frechas, colares de ósos e madeira, cuncas de madeira e cerámica... Ao final da prehistoria aprenderon a fundir metais (xurde a metalurxia: coitelos, brazaletes...)

Descubriron o lume e a maneira de controlalo.

Inquedanzas artísticas: arte rupestre (pinturas, petróglifos, dolmens...)

Ao final da prehistoria, aprenden a cultivar e a domesticar os animais (agricultura e gandería). Isto da lugar á construción das primeiras poboacións (Deixan de ser nómades e aparecen as poboacións sedentarias).

2.2.-IDADE ANTIGA

Comeza coa aparición da **escritura**.

Os pobos galaicos: Con marcada influencia celta, vivían en Galicia este pobos. Habitaban en **castros** (poboado fortificados). As casas tiñan forma circular. Non había rúas organizadas.


Alimentación: Cazaban e pescaban, cultivaban a terra e practicaban a gandería.

Orgánizábanse en tribos con marcado carácter guerreiro.

Destacaron na "ourivería" (arte de traballar os metais preciosos para fabricar xoias).

O pobo romano: dominó aos galaicos e foi impoñendo a súa lingua e costumes.

Os primeiros asentamentos foron campamentos militares. Sobre estes, xurdiron cidades como "Lucus Augusti" (Lugo, onde consérvase a muralla). Construíron grandes calzadas para desprazarse así como pontes (a de Ourense), casas de campo (Toralla, en Vigo), faros (a Torre de Hércules, A Courña)...



2.3.-IDADE MEDIA

Comeza coa desaparición do Imperio Romano.

Vivían en aldeas arredor dun castelo ou en cidades fortificadas.

Desprazamentos: a pé, cabalo ou carros.

Alimentación: Produtos agrícolas e gandeiros. Produtos elaborados (queixo e salgadasuras)



2.4.-IDADE MODERNA

Comeza co desubrimento de América.



2.5.-IDADE CONTEMPORÁNEA

Comeza coa Revolución Francesa.

